

Marina Núñez Orjales, Secretaria do Concello de Carballo – A Coruña

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 22 de setembro de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“5.- PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POLO PROCEDIMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS NO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO “PEDRA MOURA DE ALDEMUNDE” INCLUÍDO NO PARQUE DO MEGALITISMO DA COSTA DA MORTE. APROBACIÓN INICIAL

EXPEDIENTE: 2023/U040/000002

ASUNTO: Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para executar as actuacións correspondentes ao xacemento arqueolóxico «Pedra Moura de Aldemunde» incluído no Parque do Megalitismo da Costa da Morte. Aprobación inicial.

PROMOTOR: Concello de Carballo

REX. ENTRADA: 202599900005450 de data 21/08/2025

REDACTOR: Isidro López Yáñez (arquitecto Colexiado nº 2261 COAG) e Beatriz Blanco Lois (enxeñeira técnica agrícola Colexiada nº 1909) como integrantes da entidade ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.

I. ANTECEDENTES

- Solicitud municipal ao Rexistro da Propiedade de Carballo instando a expedición da certificación de dominio e cargas das parcelas incluídas no ámbito do proxecto de expropiación, de data 05/06/2025. Parcelas con referencia catastral:

15019A174000060000JZ, 15019A174000070000JU, 15019A174000080000JH, 15019A175000010000JF e 15019A175000020000JM.

- Certificación emitida pola rexistradora do Rexistro da Propiedade de Carballo o 09/06/2025 (registro de entrada do Concello núm. 202500000003499 do 04/07/2025) da que resulta que as fincas obxecto da expropiación non figuran inscritas neste.

- Presentación do proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para executar as actuacións correspondentes ao xacemento arqueolóxico «Pedra Moura de Aldemunde» incluído no Parque do Megalitismo da Costa da Morte, asinado por Isidro López Yáñez e Beatriz Blanco Lois como integrantes da entidade Estudio Técnico Gallego, S.A., o 21/08/2025, núm. de registro de entrada no Concello 202599900005450.

- Informe de intervención de data 17/09/2025 de retención de crédito (RC) para o gasto derivado da expropiación e compra dos terreos do Parque Arqueolóxico do Megalitismo Costa da Morte, coa aplicación orzamentaria número 3360.60000 e número de operación 220250010643.

- Informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais de data 19/09/2025 proponendo a aprobación inicial e a tramitación correspondente do proxecto de expropiación.

- A proposta de acordo a asina o concelleiro delegado da Área de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade o día 19/09/2025.

II. NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO- A Coruña




Exp. 2025/G007/000019

- *Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana (RDL 7/2015).*
- *Real Decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da lei do solo (RVLS).*
- *Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954 (LEF).*
- *Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, aprobado por Decreto do 26 de abril de 1957 (RLEF).*
- *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).*
- *Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).*
- *Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG).*
- *Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia (LOT).*
- *Proxecto sectorial de incidencia supra municipal do Parque Arqueolóxico do Megalitismo, na Costa da Morte aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de setembro de 2011 (DOG núm. 205 do 26 de outubro de 2011).*
- *Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Carballo aprobado por Orde do 4 de febreiro de 2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG, núm. 39, do 26 de febreiro de 2016 e BOP, núm. 38, do 26 de febreiro de 2016).*

III. OBXECTO

- O Proxecto sectorial de incidencia supra municipal do Parque Arqueolóxico do Megalitismo na Costa da Morte foi aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de setembro de 2011 (DOG núm. 205 do 26 de outubro de 2011). Entre as actuacións deste, está prevista a intervención no xacemento incluído no Catálogo do PXOM do Concello de Carballo co número de ficha GA15019009, nomeado como «Pedra Moura de Aldemunde».



CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000019



Plano de ordenación do Proxecto sectorial do Parque Arqueolóxico do Megalitismo da Costa da Morte.

Para desenvolver esta actuación supra municipal é necesario dispoñer dos terreos onde se atopa o xacemento de Pedra Moura de Aldemunde, que se corresponden coas parcelas catastrais:

- Finca1: 15019A174000060000JZ
- Finca2: 15019A174000070000JU
- Finca3: 15019A174000080000JH
- Finca4: 15019A175000010000JF
- Finca5: 15019A175000020000JM

- Segundo o PXOM de Carballo, estas parcelas están clasificadas como solo rústico de especial protección patrimonial (fincas 1, 2, 3 e 4) e solo rústico de especial protección agropecuaria (finca 5).

Segundo o establecido na disposición transitoria primeira 1.d) da LSG, ao solo clasificado polo PXOM coma rústico aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico. E para establecer as categorías do solo rústico dos terreos obxecto de expropiación, aplicaranse os criterios que se dispoñen no artigo 34 da LSG.



IV. FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Para a actuación supra municipal prevista no xacemento de Pedra Moura, incluído no Catálogo do PXOM de Carballo, os terreos afectados obteranse por expropiación forzosa e polo procedemento de taxación conxunta, opción xustificada polos técnicos e xurídicos municipais no punto V do seu informe de data 19/09/2025.

De acordo a isto, a entidade Estudio Técnico Gallego, S.A. presenta o 21/08/2025, núm. de rexistro de entrada 202599900005450, o Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para executar as actuacións correspondentes ao xacemento arqueolóxico «Pedra Moura de Aldemunde» incluído no Parque do Megalitismo da Costa da Morte.

O resumo de datos do proxecto é o seguinte:

- *Superficie total a expropiar: 7.241,00 m² de terreos clasificados como solo rústico de especial protección patrimonial.*
- *Outros bens afectados: segundo consta no proxecto, non hai outros bens afectados a parte do solo.*
- *Referencias catastrais, titulares catastrais e superficie obxecto de expropiación de cada finca:*
 - *Finca 1: 15019A175000010000JF – María Josefa Cabeza Pallas – Sup.: 2418 m² (100%).*
 - *Finca 2: 15019A175000020000JM – Herdeiros de Jesús Mallo Míguez – Sup.: 2540 m² (100%).*
 - *Finca 3: 15019A174000060000JZ – Indalecio Vilariño Pombo – Sup. : 1042 m² (parcial).*
 - *Finca 4: 15019A174000070000JU – Carmen Mallo Reigía – Sup.: 857 m² (parcial).*
 - *Finca 5: 15019A174000080000JH – José Cabeza Traba – Sup.: 384 m² (parcial).*
- *Valor unitario do solo (forraxe e herba): 3,64 €/m²*
- *Valor total do solo: 26 357,24 €*
- *Premio de afección (5% valor): 1317,86 €*
- *Valor total incluído o 5% do premio de afección: 27 675,10 €*

A aprobación e tramitación desta expropiación urbanística está regulada nos artigos 118 da LSG e 293 do RLSC en relación co disposto na Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954 e o seu regulamento.

Os expedientes de expropiación por taxación conxunta encádranse na LSG como instrumentos de xestión urbanística. A actuación a realizar implica o exercicio da potestade expropiatoria por parte do Concello de Carballo, como entidade local territorial conforme ao disposto no artigo 4.1.d da Lei 7/1985 (LBRL), artigo 6.1.f) da Lei 5/1997 (LALGA) e artigo 2.1. da LEF, que establece a atribución desta potestade aos concellos para o cumprimento das finalidades que lle son propias, como nese caso é a execución dunha actuación urbanística prevista no PXOM.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, establece no artigo 21.1.j), como atribución do alcalde, as aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización. Por outra parte, o artigo 21.1.s) atribúe a competencia residual ao alcalde.

Para a resolución deste expediente resulta competente a Xunta de Goberno Local en virtude da resolución da Alcaldía número 632 de 26/02/2025, sobre revogación e delegacións de competencias na Xunta de Goberno Local (BOP 10/03/2025).

Polo anterior, logo de ver os informes técnico e xurídico favorables, e vista a proposta da concellaría delegada competente, en uso das competencias que delegou a Alcaldía mediante o Decreto

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000019

632/2025, do 26 de febreiro (BOP nº 46 de 10/03/2025), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto de expropiación forzosa polo procedemento de taxación conxunta para obter os terreos de protección considerados necesarios para executar as actuacións previstas no contorno do xacemento arqueolóxico «Pedra Moura de Aldemunde», incluído no instrumento de ordenación territorial nomeado proxecto sectorial de incidencia supra municipal do Parque Arqueolóxico do Megalitismo da Costa da Morte, aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29 de setembro de 2011 (DOG 26/10/2011).

Segundo.- Tramitar o proxecto polo procedemento de taxación conxunta, segundo o documento redactado pola entidade Estudio Técnico Gallego, S.A., asinado polo arquitecto Isidro López Yáñez (colexiado nº 2261 COAG) e a enxeñeira técnica agrícola Beatriz Blanco Lois (colexiada nº 1909), comprensivo da delimitación territorial do ámbito, descrición de bens e dereitos e titulares afectados, fixación de prezos e follas de prezo xusto individualizadas.

Terceiro.- Ter por declarada a utilidade pública dos bens e dereitos afectados segundo o instrumento de ordenación territorial e o proxecto expropiatorio aprobado inicialmente.

Cuarto.- Autorizar crédito por importe de 27 675,10 € con cargo á partida orzamentaria 3360.60000, nº de operación 220250010643.

Quinto.- Someter á información pública o proxecto de expropiación aprobado inicialmente polo prazo dun mes, mediante a publicación de anuncios, no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación da provincia, para que aquelas persoas que puideran resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que estimen convenientes, en particular no relativo á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.

Sexto.- A relación de bens e dereitos afectados polo expediente expropiatorio é a seguinte:

RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS							
FINCA	APELIDOS	NOME	D.N.I.	REFERENCIA CATASTRAL	CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA DA FINCA	SUPERFICIE AFECTADA (m ²)	SUPERFICIE TOTAL (m ²)
1	CABEZA PALLAS	MARIA JOSEFA	***5014**	15019A175000010000JF	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO	2.418	2.418
2	MALLO MIGUEZ	JESUS (HERDEIROS)		15019A175000020000JM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO	2.540	2.540
3	VILARIÑO POMBO	INDALECIO	***9571**	15019A174000060000JZ	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA	1.042	1.899
4	MALLO REIGIA	CARMEN	***5015**	15019A174000070000JU	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA	857	1.642
5	CABEZA TRABA	JOSE	***9621**	15019A174000080000JH	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA	384	2.357

Sétimo.- Proceder á notificación individualizada da presente resolución aos interesados, con traslado literal das follas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración a todos os que aparezan como titulares de bens e dereitos no expediente, para que poidan formular cantas alegacións e reclamacións que consideren oportunas tanto con respecto ao expediente expropiatorio como á fixación do prezo xusto, no prazo dun mes contado a partir da data da notificación.

Oitavo.- As actuacións do expediente expropiatorio entenderanse en primeiro lugar, cos propietarios do ben ou titular do dereito obxecto da expropiación, polo que se pon de manifesto a conveniencia de presentar certificacións rexistras e demais documentos que acrediten a titularidade dos bens e dereitos afectados, advertindo de que o pago unicamente se realizará a favor dos titulares rexistras do dominio, ou no suposto de fincas que non figuren inscritas, co titular segundo os títulos xustificativos do seu dereito completados con

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000019

certificacións negativas do Rexistro da Propiedade; no resto dos casos, procederase a consignar na Caixa Xeral de Depósitos o importe dos xustos prezos das fincas.

Noveno.- Advertir que a publicación deste acordo producirá tamén os efectos previstos no artigo 44 da Lei 39/15 do procedemento administrativo común das administracións públicas, para aqueles interesados aos que non poida serlle practicada a correspondente notificación.

Décimo.- Contra este acordo de trámite non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer outro recurso que estime pertinente."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido este certificado coa reserva establecida no art. 206 do ROF, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, no Concello de Carballo, asinado dixitalmente na data que figura a marxe.

V. e Pr.
O alcalde